

ACTA da XUNTA DIRECTIVA DA FEDERACIÓN

DATOS DA PERSOA CONVOCANTE

Nome: CLAUDIA	1.º apelido: OREIRO	2.º apelido: CHAPELA	NIF: 32828626J
Federación: F. GALEGA DE ORIENTACIÓN (FEGADO)	Cargo: SECRETARIA ACCIDENTAL		

LUGAR, DATA E HORA DA CONVOCATORIA:

Lugar:	https://teams.microsoft.com/j/19%3ameeting_NzlkMjc4MTAtZWZS00MTcwLTg0YTAtNzI3YWExOTg2M2U4%40thread.v2/0?context=%7b%22Tid%22%3a%223326c0e7-e6aa-4e04-bbdf-0b325951674c%22%2c%22Oid%22%3a%2247df4259-c2d1-4c40-b5ff#225a52ebe722%22%7d		
Data:	04/02/2025	Hora:	21:30 h

PERSOAS ASISTENTES

Nome e apelidos	Cargo	Club	Asiste	Non asiste
Sonia Gómez Naya	Presidenta	Compás	X	
Claudia Oreiro Chapela	Vicepresidenta	Gallaecia	X	
Roberto Amarelle Garabán	Secretario	Compás		X
Javier Antoñón Clemente	Tesoureiro	Arnela		X
Teresa Bellón Santos	Responsable O-pé	Aromon	X	
Alicia Pérez Alonso	Responsable MTBO	Raza Palleira	X	
Adrián Pérez Alonso	Responsable Raids	Raza Palleira		X
Pelayo García Acevedo	Responsable Trail-O	Aromon		X
Jorge Piñeiro Portela	Responsable Direc. Técnica	Ártabros	X	
María Piñeiro Varela	Responsable de Comunic.	Ártabros	X	

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior (11-12-2024)

Apróbase por unanimidade a acta da xunta directiva anterior celebrada o día 07/01/2025.

2. Regulamento Aprobación, se procede, do cambio de data da proba de Our-O do 29 e 30-03-2025 ao 22 e 23-03-2025

A Xunta Directiva aproba por unanimidade, mediante votación realizada vía WhatsApp, o cambio de data da proba Our-O. Este cambio foi motivado polas modificacións no calendario da FEDO, que sufriu alteracións nas súas probas despois de que o calendario da FEGADO fose aprobado. Durante a revisión do calendario, detectouse que a proba de Our-o coincidía cunha proba da liga nacional.

Para evitar esta coincidencia, autorízase o cambio á data orixinal proposta polo Club Our-o na Asemblea de decembro da FEGADO. Queda constancia desta votación a favor do cambio de data nesta reunión da Xunta Directiva para os efectos oportunos.

3. CESA

Toma a palabra a presidenta para facer un pequeno resumo da situación da organización desta proba, organizada pola FEGADO, co obxectivo de informar a todos os membros da Xunta Directiva. Ela e Claudia están a coordinar a xestión dos orzamentos e a localización de financiamento para contabilizar todos os gastos estimados e as subvencións recibidas para a realización do evento.

Lémbrese á Xunta que se solicitaron 50.000 € de apoio á FEDO e 10.000 € de apoio á Xunta, e que en ambos os casos estamos á espera de aprobación e da confirmación dos importes finais concedidos.

Por outra banda, preséntase un resumo dos gastos e orzamentos cos que se está traballando, recordando

que todos os pagamentos relacionados coa organización da proba deben realizarse con fondos autorizados.

A tesouraría ten, ademais, definida unha partida de 8.000 € para gastos do CESA e da nosa selección, entre outros importes. A distribución dos pagamentos dentro das partidas asignadas será xestionada polo tesoureiro. Este resumo ten como obxectivo unha estimación do orzamento final da proba e un control dos límites de gasto asumibles.

A continuación toma a palabra Claudia para presentar a folla de gastos e detallar cada unha das partidas:

- Ambulancia – Orzamento reservado e dispoñible.
- Autobús – Orzamento reservado e dispoñible.
- Retransmisión – Estase avaliando a opción de Cámara Visión como alternativa á empresa que traballa con FEDO. FEDO non cobre este servizo, polo que deberá pagarse coas subvencións recibidas. A opción de Cámara Visión será viable sempre que se axeite ao orzamento. Pendentes de novos orzamentos.
- Marketing, imaxe, agasallos para participantes e camisetas – Contactouse con David (Empresa Eventos Coruña). Acordouse adquirir as camisetas para os participantes, e a empresa encargárase de conseguir o patrocinio do arco de meta, a imaxe da meta, as bolsas do corredor, os agasallos nestas bolsas e o avituallamento.
- Aloxamento – Está resultando complexo. A falta de máis orzamentos, o custo é elevado. Seguen buscándose alternativas.
- Chan duro – Reservado un pavillón en Santiago tanto para o chan duro como para a festa final do sábado.
- Boletín e imaxe – A cargo de Pastora (Doble Espacio), que se encargará de toda a parte de imaxe, redes sociais, medios de comunicación, boletín e acreditacións.
- Mapas:
 - Arnela: Pedíronse a Antonio dous mapas para as probas de longa e media distancia.
 - Santiago: Utilizaranse os mapas da Cidade da Cultura e do parque da USC.
 - Trazados: A cargo dos irmáns Corrochano.
 - O equipo de tecnificación estará co grupo de menores.
- Partida orzamentaria reservada para pagamento de colaboracións en trazados, cartografía...
- Imprenta – Reservada a de Portugal para a impresión de mapas e CopyMar Coruña para o resto da documentación e impresión de mapas de emerxencia.

Queda constancia desta información na acta para referencia e seguimento da organización do evento.

4. Categorías 2025

Realízase unha reflexión sobre a posible inclusión da nova categoría M/F55. A súa aprobación xa consta en acta e na normativa de novas categorías, pero débese avaliar ao final da tempada para decidir a súa inclusión definitiva en función da evolución durante o ano 2025.

Nas asembleas técnicas e nas reunións de xuíces acordouse manter as categorías menores M/F18 e M/F20, a pesar do baixo número de inscritos nalgunhas probas, xa que representan a categoría previa á absoluta e deben manterse dentro da estrutura competitiva.

A decisión de modificar as categorías restantes en grupos de 10 anos é un primeiro paso, que será revisado ao final do ano na seguinte asemblea técnica para avaliar os resultados. En función desta análise, decidírase se ampliar ou incluír a categoría de súper veteranos.

Jorge fai unha revisión das categorías e das carreiras do ano, e considera que esta reorganización non suporá un problema. A evolución da participación e do impacto das categorías servirá de base para tomar decisións no vindeiro ano.

O máis importante será o deseño dos trazados, buscando garantir un tempo medio de carreira axeitado, que será a prioridade.

En canto á categoría 21B, só houbo máis de tres probas con participación. Nestes casos, os deportistas deben incorporarse á categoría Iniciación (INI) ou á súa categoría correspondente para comezar a competir de acordo coa estrutura establecida.

5. Protección do menor e discriminación por sexo

Toma Claudia presenta o cambio na normativa que se aplicará en 2025 en relación cos criterios para puntuar nas subvencións da Xunta, tanto para clubs como para federacións.

Acórdase a preparación dun correo informativo para enviar aos clubs con esta nova normativa de especial relevancia, co obxectivo de que durante 2025 todos os clubs e federacións poidan implementala correctamente. Este correo será elaborado unha vez rematada a proba do seu club, o 15 de febreiro.

Aspectos fundamentais a ter en conta:

1. Inscripción na plataforma Actfis-Galicia Activa

- Será necesario que a entidade solicitante estea correctamente inscrita na aplicación Actfis-Galicia Activa (<https://actfis.xunta.gal>), que xestiona o Rexistro de Instalacións Deportivas de Galicia.

- Esta nova plataforma substituirá ás anteriores destinadas á promoción da vida activa e saudable da Xunta de Galicia durante o primeiro semestre de 2025.

2. Protocolo de protección da infancia e a adolescencia

- Requirirase que a entidade teña aprobado o Protocolo de protección de nenos, nenas e adolescentes fronte á violencia no deporte.

- Ademais, a entidade deberá contar cunha persoa designada como delegada de protección, correctamente inscrita no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, dentro do primeiro semestre de 2025.

Queda constancia desta información na acta para a súa correcta difusión e aplicación.

6. Rogos e preguntas

Toma a palabra o director técnico da Fegado, Jorge Piñeiro Portela, formulando varias cuestións para recordar e revisar aspectos importantes e asegurar que todas as persoas presentes teñan coñecemento das mesmas.

6.1. Rroupa deportiva.

- Rroupa: Recopilou material deportivo lavado que tiña no seu poder e entrégallo a Alicia para que leve o control e o reparta cando proceda.
- Selección de rroupa: Alicia, Tere e Jorge revisarán a posible selección de rroupa para realizar unha preselección e valorar as necesidades de cara aos campionatos de España. Destácase a importancia de non demorar este proceso para garantir stock antes da selección e manter sempre un remanente en reserva para imprevistos e outras necesidades.
- Cortaventos: Pódense solicitar xunto co resto do material, ao igual que a equipación de MTBO e O-Pé, asegurando stock para a selección e material de reserva.
- Sudadeiras: Xa se solicitaron 78 sudadeiras (Sonia) correspondentes ás pendentes do ano pasado, garantindo tamén unha marxe de stock.

6.2. Charlas técnicas

- Revisase o enlace ás charlas para garantir que estea correctamente dispoñible e non se elimine pasado un tempo. Acórdase falar con Adrián Pérez para descargar os vídeos e asegurarse de que os ficheiros poidan visualizarse sen límite temporal.

6.3. Invitación da selección catalá

- Deuse resposta á invitación da selección catalá (PRECEO), agradecendo a invitación pero explicando que non se poderá asistir debido á coincidencia con outros eventos relevantes e máis accesibles para os galegos, como o MOM e o Ibérico de MTBO. Considérase inviable a asistencia, polo que se declina a invitación.

6.4. Enquisa sobre criterios de selección

- Proponse consultar coas vogalías sobre as intencións de participación dos deportistas menores en probas nacionais e en competicións para alcanzar obxectivos como o DAR e o DGAN. Faise seguimento das expectativas e proxectos deportivos de cada deportista, fomentando a comunicación e a motivación para a súa participación. Promoverase o envío dun formulario para que cada menor exprese as súas intencións de participación.
- Extenderase tamén aos deportistas de alto rendemento en bicicleta, organizando unha quedada de calidade, fomentando os adestramentos e o uso activo do grupo de WhatsApp.
- Solicitouse un responsable de tecnificación de alto rendemento, xa que a praza se atopa vacante.

6.5. Curso de trazadores

- O curso de Trazadores Nivel I resultou ser un éxito, cunha boa valoración por parte dos asistentes. A aula foi axeitada, aínda que se recomenda dispor dun proxector de maior calidade para futuras formacións.

6.6. Normativa de custos FEGADO

- Aclárase que a normativa sobre o custo do material alugado a FEGADO establece unha tarifa de 50 € máis o alugueiro da pinza. Mantense o cadro actual e elimínase a parte de "NON FEDO".

6.7. Logotipos

- Os logotipos actualizáronse con transparencia. Cómpre estar atentos para publicar os correctos nos boletíns, carteis, diplomas e outros documentos oficiais.

6.8 Trail-O

- Solicítase apoio e implicación para conseguir organizar catro probas de Trail-O ao longo do ano, cunha en cada provincia. Pelayo está ao tanto desta prioridade e traballárase para facelo posible.

E sen máis asuntos que tratar, a Presidenta da Federación Galega de Orientación (FEGADO) dá por finalizada esta sesión da Xunta Directiva, sendo as 23:20 horas do día antes indicado do que, como secretaria accidental, dou fe e asino dixitalmente o presente documento.